

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004526	San Narciso	Marín	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CD3SSC000100	Educación infantil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0013	O xogo infantil e a súa metodoloxía	2024/2025	6	157	188

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	PATRICIA GÁNDARA ALONSO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de TSEI fai referencia a por en práctica e avaliar proxectos e programas educativos de atención á infancia no 1º ciclo de educación infantil no ámbito formal e en toda a etapa infantil no ámbito non formal.

Os técnicos e técnicas deberán aprender a xerar contornas seguras e espazos adecuados para desenvolver as súas actividades en colaboración con outros profesionais e coas familias implicadas.

Estas persoas exercerán a súa actividade no sector da educación formal e non formal e no sector dos servizos sociais de atención á infancia.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Educador ou educadora infantil en primeiro ciclo de educación infantil, sempre baixo a supervisión dun mestre ou dunha mestra, en institucións públicas e privadas.
- Educador ou educadora en institucións ou en programas específicos de traballo con menores (de cero a seis anos) en situación de risco social, ou en medios de apoio familiar, seguindo as directrices doutros profesionais.
- Educador ou educadora en programas ou actividades de lecer e tempo libre infantil con menores de cero a seis anos: ludotecas, casas de cultura, bibliotecas, centros educativos, centros de lecer, granxas escola, etc.

O módulo de O xogo infantil e a súa metodoloxía contribúe a acadar competencias profesionais, persoais e sociais en relación a: seleccionar recursos lúdicos, programar, organizar, implementar e avaliar intervencións lúdicas e educativas, así mesmo, debe seleccionar e programar as estratexias e actividades lúdicas e de atención á infancia que favorezan o desenvolvemento integral das crianzas, tendo en conta as características específicas dos grupos, as necesidades de cada infante e o funcionamento da institución onde se enmarque dita intervención.

No ámbito produtivo capacita para:

- planificar estratexias e actividades lúdicas favorecedoras do desenvolvemento dos menores,
- seleccionar e xestionar recursos lúdicos e os xoguetes,
- pór en práctica estratexias e actividades lúdicas,
- observar e avaliar o proceso e o resultado da intervención.

O módulo tratará por tanto de formar ao alumnado nas metodoloxías e dinámicas para estar capacitados/as para poder traballar satisfactoriamente en cada un deles, sexa cal sexa o tipo de centro e/ou programa.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O modelo lúdico na intervención educativa. Xogo e desenvolvemento infantil.	Presentación do módulo. Concepto de xogo, as súas características, clasificación e tipoloxías, principais teorías, funcións e o seu uso na intervención educativa e na inclusión social. Aportacións do xogo ós desenvolvementos do neno/a. O xogo en cada etapa evolutiva. A intervención a través do xogo como metodoloxía de aprendizaxe	68	36
2	Materiais e recursos lúdicos: O xoguete	O xoguete, concepto, historia e características, tipos, clasificación, funcións, normas de seguridade e calidade, e lexislación relacionada. Os recursos lúdicos dixitais e as novas tecnoloxías. Os medios de comunicación e a transmisión de valores. A atención á diversidade e o xogo como recurso para a inclusión e integración e adaptación de xoguetes e xogos	40	33

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
3	A organización dos espazos e das actividades lúdicas	Elaboración, preparación e planificación de actividades e espazos adaptados ás diferentes necesidades.	35	13
4	A oferta lúdica. Organización, planificación e posta en práctica de actividades e proxectos lúdicos.	Os diferentes contextos do xogo nos ámbitos formais e non formais. Os proxectos de integración social a través da oferta lúdica: Tipos de oferta lúdica (non formal e formal). Elaboración, planificación, e deseño de requisitos que debe cumprir un programa lúdico.	32	11
5	Observación e avaliación da actividade lúdica.	A observación como técnica de recollida de información durante o xogo. A avaliación das actividades e proxectos lúdicos.	13	7

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O modelo lúdico na intervención educativa. Xogo e desenvolvemento infantil.	68

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Contextualiza o modelo lúdico na intervención educativa e valóralo tendo en conta as teorías sobre o xogo, a súa evolución, a súa importancia no desenvolvemento infantil e o seu papel como eixe metodolóxico.	NO
RA2 - Deseña proxectos de intervención lúdicos en relación co contexto, co equipamento e co servizo en que se desenvolva, así como cos principios da animación infantil.	NO
RA3 - Deseña actividades lúdicas en relación coas teorías do xogo e co momento evolutivo en que se ache o cativo ou a cativa.	NO
RA4 - Selecciona xoguetes para actividades lúdicas e relaciona as súas características coas etapas do desenvolvemento infantil.	NO
RA5 - Pon en práctica actividades lúdicas en relación cos obxectivos establecidos e os recursos necesarios.	NO
RA6 - Avalía proxectos e actividades de intervención lúdica, e xustifica as técnicas e os instrumentos de observación seleccionados.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse as características do xogo nos nenos e nas nenas.
CA1.10 Valorouse a importancia do xogo no desenvolvemento infantil e como eixe metodolóxico da intervención educativa.

Crterios de avaliación
CA2.1 Descríbóronse os principios, os obxectivos e as modalidades da animación infantil.
CA2.10 Adaptouse un proxecto tipo de intervención lúdico-recreativa para un programa, para un centro ou para unha institución concretos.
CA3.1 Tívoise en conta o momento evolutivo no deseño das actividades lúdicas.
CA3.2 Enumeráronse e clasificáronse actividades lúdicas atendendo a criterios como as idades, os espazos, o papel do persoal técnico, o número de participantes, as capacidades que desenvolven, as relacións que se establecen e os materiais necesarios.
CA4.1 Analizáronse tipos de xoguetes, as súas características, a súa función e as capacidades que contribúen a desenvolver o proceso evolutivo dos nenos e das nenas.
CA4.8 Establecéronse criterios para a disposición, a utilización e a conservación de materiais lúdicos.
CA5.1 Tívoise en conta a adecuación das actividades para os obxectivos establecidos na súa posta en práctica.
CA5.2 Xustificouse a necesidade de diversidade no desenvolvemento de actividades lúdicas.
CA5.3 Organizáronse os espazos, os recursos e os materiais tendo en conta as características evolutivas das persoas destinatarias, en función das súas idades e consonte os obxectivos previstos.
CA6.1 Identificáronse as condicións e os métodos necesarios para realizar unha avaliación da actividade lúdica.
CA6.2 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
CA6.3 Aplicáronse técnicas e instrumentos de avaliación a distintas situacións lúdicas, tendo en conta criterios de fiabilidade, validez, utilidade e pragmatismo para as persoas usuarias da información.

4.1.e) Contidos

Contidos
Xogo e desenvolvemento infantil.
Xogo e integración social: diversidade.
Animación como actividade socioeducativa na infancia.
Planificación, deseño e organización de recunchos e zonas de xogo interiores e exteriores.
Obxectivos e modalidades da animación infantil.

Contidos
<p>Xustificación do xogo como recurso educativo.</p> <p>Elementos da planificación de actividades lúdicas.</p> <p>Influencia dos medios de comunicación e das novas tecnoloxías nos xogos e nos xoguetes infantís.</p> <p>Creatividade e xoguetes.</p> <p>Adaptacións nos recursos lúdicos coa aplicación de axudas técnicas</p> <p>Actividades lúdicas extraescolares, de lecer e tempo libre, e de animación infantil.</p> <p>Análise de estratexias para favorecer situacións lúdicas.</p> <p>Observación no xogo: instrumentos de observación.</p> <p>Predisposición á autoavaliación.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Materiais e recursos lúdicos: O xoguete	40

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Contextualiza o modelo lúdico na intervención educativa e valóralo tendo en conta as teorías sobre o xogo, a súa evolución, a súa importancia no desenvolvemento infantil e o seu papel como eixe metodolóxico.	NO
RA2 - Deseña proxectos de intervención lúdicos en relación co contexto, co equipamento e co servizo en que se desenvolva, así como cos principios da animación infantil.	NO
RA3 - Deseña actividades lúdicas en relación coas teorías do xogo e co momento evolutivo en que se ache o cativo ou a cativa.	NO
RA4 - Selecciona xoguetes para actividades lúdicas e relaciona as súas características coas etapas do desenvolvemento infantil.	NO
RA5 - Pon en práctica actividades lúdicas en relación cos obxectivos establecidos e os recursos necesarios.	NO
RA6 - Avalía proxectos e actividades de intervención lúdica, e xustifica as técnicas e os instrumentos de observación seleccionados.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Analízase a evolución e a importancia do xogo durante o desenvolvemento infantil.
CA1.9 Incorporáronse elementos lúdicos na intervención educativa.
CA2.3 Analízase a lexislación, as características, os requisitos mínimos de funcionamento, as funcións e o persoal.
CA2.10 Adaptoúse un proxecto tipo de intervención lúdico-recreativa para un programa, para un centro ou para unha institución concretos.
CA3.3 Tivéronse en conta as características e o nivel de desenvolvemento dos pequenos e das pequenas para a programación de actividades lúdico-recreativas.
CA3.4 Compiláronse xogos tradicionais relacionados coa idade.
CA3.6 Relacionouse o significado dos xogos máis frecuentes na etapa infantil coas capacidades que desenvolven.
CA4.1 Analizáronse tipos de xoguetes, as súas características, a súa función e as capacidades que contribúen a desenvolver o proceso evolutivo dos nenos e das nenas.
CA4.7 Analízase a necesidade das adaptacións nos recursos lúdicos coa aplicación de axudas técnicas.
CA5.4 Estableceuse unha distribución temporal das actividades en función da idade das persoas destinatarias.
CA6.3 Aplicáronse técnicas e instrumentos de avaliación a distintas situacións lúdicas, tendo en conta criterios de fiabilidade, validez, utilidade e pragmatismo para as persoas usuarias da información.
CA6.4 Elixiuse e aplicouse a técnica acaída segundo a finalidade do rexistro.
CA6.5 Extraéronse as conclusións e explicáronse as consecuencias derivadas, para o axuste ou para a modificación do proxecto.

4.2.e) Contidos

Contidos
Xogo e desenvolvemento infantil.
Modelo lúdico: características.

Contidos
<p>0 Identificación e selección de técnicas e recursos lúdicos.</p> <p>Adaptacións nos recursos e nas axudas técnicas referidas ao xogo.</p> <p>Elementos da planificación de proxectos lúdicos.</p> <p>Proceso de análise de persoas destinatarias.</p> <p>Influencia dos papeis sociais nos xogos.</p> <p>Lexislación sobre xoguetes: identificación e interpretación de normas de seguridade e calidade.</p> <p>Clasificación dos xoguetes: criterios</p> <p>Organización dos recursos e dos materiais.</p> <p>Recurso lúdico: xeración e renovación.</p> <p>Actividades lúdicas extraescolares, de lecer e tempo libre, e de animación infantil.</p> <p>Intervención do persoal profesional da educación infantil no xogo dos nenos e das nenas.</p> <p>Análise de estratexias para favorecer situacións lúdicas.</p> <p>Valoración da importancia da observación do xogo na etapa infantil.</p> <p>Novas tecnoloxías como fonte de información.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A organización dos espazos e das actividades lúdicas	35

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Contextualiza o modelo lúdico na intervención educativa e valóralo tendo en conta as teorías sobre o xogo, a súa evolución, a súa importancia no desenvolvemento infantil e o seu papel como eixe metodolóxico.	NO
RA2 - Deseña proxectos de intervención lúdicos en relación co contexto, co equipamento e co servizo en que se desenvolva, así como cos principios da animación infantil.	NO
RA3 - Deseña actividades lúdicas en relación coas teorías do xogo e co momento evolutivo en que se ache o cativo ou a cativa.	NO

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Selecciona xoguetes para actividades lúdicas e relaciona as súas características coas etapas do desenvolvemento infantil.	NO
RA5 - Pon en práctica actividades lúdicas en relación cos obxectivos establecidos e os recursos necesarios.	NO
RA6 - Avalía proxectos e actividades de intervención lúdica, e xustifica as técnicas e os instrumentos de observación seleccionados.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Analizouse a evolución e a importancia do xogo durante o desenvolvemento infantil.
CA1.5 Relacionouse o xogo coas dimensións do desenvolvemento infantil.
CA1.8 Analizáronse proxectos que utilicen o xogo como eixe de intervención, no ámbito formal e non formal.
CA2.2 Identificáronse os tipos de centros que ofrecen actividades de xogo infantil.
CA2.9 Tívoise en conta a xestión e a organización de recursos humanos e materiais no deseño do proxecto lúdico.
CA2.11 Valorouse a importancia de xerar contornos seguros.
CA3.5 Analizáronse os elementos da planificación de actividades lúdicas.
CA4.1 Analizáronse tipos de xoguetes, as súas características, a súa función e as capacidades que contribúen a desenvolver o proceso evolutivo dos nenos e das nenas.
CA4.3 Elaborouse un catálogo de xoguetes infantís acaídos para a idade.
CA4.6 Enumeráronse e clasificáronse xoguetes atendendo a criterios de idade, espazo de realización, papel do persoal educador, número de participantes, capacidades que desenvolven, relacións que se establecen e materiais necesarios.
CA4.9 Analizouse a lexislación en materia de uso e seguridade de xoguetes.
CA5.3 Organizáronse os espazos, os recursos e os materiais tendo en conta as características evolutivas das persoas destinatarias, en función das súas idades e consonte os obxectivos previstos.
CA6.5 Extraéronse as conclusións e explicáronse as consecuencias derivadas, para o axuste ou para a modificación do proxecto.

Criterios de avaliación
CA6.6 Valorouse o uso das novas tecnoloxías como fonte de información.
CA6.7 Identifícaronse as adaptacións requiridas polo xogo nun suposto práctico de observación de actividade lúdica.

4.3.e) Contidos

Contidos
Xogo e dimensións afectiva, social, cognitiva, sensorial e motora.
Análise das técnicas e dos recursos do modelo lúdico. O cesto dos tesouros e o xogo heurístico.
Uso das novas tecnoloxías na planificación de proxectos lúdico-recreativos.
Espazos lúdicos interiores e exteriores. Necesidades infantís.
Outros servizos lúdicos: espazos de xogos en grandes almacéns, aeroportos, hoteis, centros hospitalarios, etc.
Medidas de seguridade nos espazos lúdicos e recreativos.
Elementos da planificación de actividades lúdicas.
Materiais e recursos lúdicos utilizados nos xogos escolares e extraescolares.
Selección de xogos para espazos pechados e abertos.
Funcións do xoguete.
Disposición, utilización e conservación dos materiais e dos xoguetes.
Influencia dos medios de comunicación e das novas tecnoloxías nos xoguetes infantís.
Aplicación da programación ás actividades lúdicas.
Aspectos organizativos e lexislativos.
Promoción de igualdade a partir do xogo.
Identificación dos requisitos para realizar a observación nun contexto lúdico-recreativo.

Contidos
Elección e elaboración dos instrumentos de observación segundo o tipo de observación e os aspectos relacionados co xogo en calquera contexto.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A oferta lúdica. Organización, planificación e posta en práctica de actividades e proxectos lúdicos.	32

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Contextualiza o modelo lúdico na intervención educativa e valóralo tendo en conta as teorías sobre o xogo, a súa evolución, a súa importancia no desenvolvemento infantil e o seu papel como eixe metodolóxico.	NO
RA2 - Deseña proxectos de intervención lúdicos en relación co contexto, co equipamento e co servizo en que se desenvolva, así como cos principios da animación infantil.	NO
RA3 - Deseña actividades lúdicas en relación coas teorías do xogo e co momento evolutivo en que se ache o cativo ou a cativa.	NO
RA4 - Selecciona xoguetes para actividades lúdicas e relaciona as súas características coas etapas do desenvolvemento infantil.	NO
RA5 - Pon en práctica actividades lúdicas en relación cos obxectivos establecidos e os recursos necesarios.	NO
RA6 - Avalía proxectos e actividades de intervención lúdica, e xustifica as técnicas e os instrumentos de observación seleccionados.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Valorouse a importancia de incorporar aspectos lúdicos no proceso de ensino e aprendizaxe.
CA1.6 Recoñeceuse a importancia do xogo como factor de integración, adaptación social, igualdade e convivencia.
CA1.7 Analizáronse as técnicas e os recursos do xogo: cesto dos tesouros e xogo heurístico.
CA2.4 Identificáronse as características e as prestacións do servizo ou do equipamento lúdico.

Criterios de avaliación
CA2.5 Aplicáronse os elementos da programación no deseño do proxecto lúdico.
CA2.8 Definíronse os criterios de selección dos materiais e das actividades para realizar, de organización e recollida de materiais, das técnicas de avaliación e dos elementos de seguridade nos lugares de xogos.
CA3.4 Compiláronse xogos tradicionais relacionados coa idade.
CA3.7 Valoráronse as novas tecnoloxías como fonte de información.
CA4.2 Valoráronse as novas tecnoloxías como fonte de información.
CA4.4 Compiláronse xoguetes tradicionais en relación coa idade.
CA4.6 Enumeráronse e clasificáronse xoguetes atendendo a criterios de idade, espazo de realización, papel do persoal educador, número de participantes, capacidades que desenvolven, relacións que se establecen e materiais necesarios.
CA4.10 Recoñeceuse a necesidade da adecuación ás condicións de seguridade dos xoguetes infantís.
CA5.5 Identificáronse os trastornos máis comúns e as alternativas de intervención.
CA5.6 Realizáronse xoguetes con materiais adecuados á etapa.
CA6.7 Identificáronse as adaptacións requiridas polo xogo nun suposto práctico de observación de actividade lúdica.

4.4.e) Contidos

Contidos
Teorías do xogo: tipos e clases.
Toma de conciencia da importancia do xogo no desenvolvemento infantil.
Elementos da planificación de proxectos lúdicos.
Ludotecas.
Clasificación dos xogos: tipos e finalidade.
Influencia dos medios de comunicación e das novas tecnoloxías nos xogos e nos xoguetes infantís.

Contidos
<p>0Influencia dos papeis sociais nos xoguetes.</p> <p>Clasificación dos xoguetes: criterios</p> <p>Selección de xoguetes para diversos espazos.</p> <p>Aplicación da programación ás actividades lúdicas.</p> <p>Preparación e desenvolvemento de festas infantís, saídas extraescolares, campamentos, obradoiros, e proxectos lúdicos e recreativos.</p> <p>Promoción de igualdade a partir do xogo.</p> <p>Valoración do xogo como recurso para a integración e a convivencia.</p> <p>Identificación dos requisitos para realizar a observación nun contexto lúdico-recreativo.</p> <p>Predisposición á autoavaliación.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Observación e avaliación da actividade lúdica.	13

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Contextualiza o modelo lúdico na intervención educativa e valóralo tendo en conta as teorías sobre o xogo, a súa evolución, a súa importancia no desenvolvemento infantil e o seu papel como eixe metodolóxico.	NO
RA2 - Deseña proxectos de intervención lúdicos en relación co contexto, co equipamento e co servizo en que se desenvolva, así como cos principios da animación infantil.	NO
RA3 - Deseña actividades lúdicas en relación coas teorías do xogo e co momento evolutivo en que se ache o cativo ou a cativa.	NO
RA4 - Selecciona xoguetes para actividades lúdicas e relaciona as súas características coas etapas do desenvolvemento infantil.	NO
RA5 - Pon en práctica actividades lúdicas en relación cos obxectivos establecidos e os recursos necesarios.	NO
RA6 - Avalía proxectos e actividades de intervención lúdica, e xustifica as técnicas e os instrumentos de observación seleccionados.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Establecéronse similitudes e diferenzas entre as teorías do xogo.
CA1.10 Valorouse a importancia do xogo no desenvolvemento infantil e como eixe metodolóxico da intervención educativa.
CA2.6 Establecéronse espazos de xogo tendo en conta o tipo de institución, os obxectivos previstos, as características dos cativos e das cativas, os materiais de que se dispoña, o orzamento e o tipo de actividade para realizar neles.
CA2.7 Valoráronse as novas tecnoloxías como fonte de información na planificación de proxectos lúdico-recreativos.
CA3.2 Enumeráronse e clasificáronse actividades lúdicas atendendo a criterios como as idades, os espazos, o papel do persoal técnico, o número de participantes, as capacidades que desenvolven, as relacións que se establecen e os materiais necesarios.
CA3.7 Valoráronse as novas tecnoloxías como fonte de información.
CA3.8 Valorouse a actitude do persoal profesional con respecto ao tipo de intervención.
CA4.5 Identificáronse xoguetes para espazos pechados e abertos adecuados á idade.
CA4.10 Recoñeceuse a necesidade da adecuación ás condicións de seguridade dos xoguetes infantís.
CA5.7 Realizáronse as actividades lúdico-recreativa axustándose á planificación temporal.
CA5.8 Valorouse a importancia de xerar contornos seguros.
CA6.7 Identificáronse as adaptacións requiridas polo xogo nun suposto práctico de observación de actividade lúdica.

4.5.e) Contidos

Contidos
Xogo e aprendizaxe escolar.
Valoración do xogo na intervención educativa.
Uso das novas tecnoloxías na planificación de proxectos lúdico-recreativos.

Contidos

Análise dos espazos lúdicos e recreativos das zonas urbanas e rurais.

Sectores produtivos de oferta lúdica.

Elementos da planificación de actividades lúdicas.

Compilación de xogos tradicionais e actuais da comunidade.

Influencia dos papeis sociais nos xoguetes.

Creatividade e xoguetes.

Materiais lúdicos e xoguetes: elaboración.

Valoración do xogo como recurso para a integración e a convivencia.

Novas tecnoloxías como fonte de información.

Predisposición á autoavaliación.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES:

Os mínimos esixibles son os que figuran nos obxectivos específicos en cada unha das unidades didácticas e que veñen marcados polo currículo, así coma os criterios de avaliación citados no apartado anterior os cales considéranse imprescindibles para o logro dos resultados de aprendizaxe e para a cualificación positiva do módulo.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

A comprobación da adquisición das capacidades e contidos realizarase a través dos instrumentos de avaliación descritos a continuación:

- Probas escritas teórico-prácticas: realizarase, unha proba, como mínimo, de carácter obrigatorio ao final de cada avaliación. De avaliar varias UD nunha mesma avaliación, estas irán separadas e con notas diferenciadas por UD, según os seus RA e CA. Estas probas estarán compostas por preguntas tipo verdadeiro e falso (ou tipoloxía similar, encher ócos,, tipo test, enlazar respostas,...) e/ou preguntas curtas, e/ou, segundo as unidades a abordar, un ou varios supostos prácticos. Os tipos de preguntas poden variarse se así o deciden entre a profesora e o alumnado. Para a súa superación deberá obterse un 5 sobre 10. Nestas probas valorarase a claridade e exactitude das respostas, capacidade de análise e síntese, emprego axeitado dos contidos, resolución de todos os apartados solicitados e nivel de expresión escrita axeitado ao perfil profesional.
- Listas de cotexo: empregaranse estes instrumentos para revisar todos aqueles traballos e tarefas que o alumnado realice dentro ou fóra da aula, que teñan como resultado un produto susceptible de avaliar. Poderán ser traballos e actividades individuais ou grupais. Para a súa superación deberá obterse un 5 sobre 10.

Valorarase a claridade de ideas na redacción, capacidade de síntese, as reflexións persoais fundamentadas, creatividade e innovación do formato, entrega no prazo acordado, redacción e coherencia, ortografía, contido e presentación. Ademais destes aspectos nos traballos grupais terase en conta, o reparto das tarefas, a coordinación dos membros do grupo no desenvolvemento das actividades e o coñecemento de todas as partes do mesmo, a nota poderá ser diferente para as distintas persoas que integren o grupo.

Na exposición das actividades: valorarase a claridade e corrección da exposición, análise e síntese dos contidos expostos, capacidade de comunicación, coordinación grupal e recursos empregados.

- Escalas de observación: a profesora valerase delas para avaliar as tarefas realizadas na aula, así como aspectos referentes ao comportamento individual e no grupo, e CA e actitudes prácticas relacionadas co perfil profesional recollidas no currículo. Para a súa superación deberá obterse un 5 sobre 10.

Estes instrumentos permitirán a avaliación ao longo do curso do nivel de aprendizaxe da alumna ou alumno en relación cos criterios de avaliación establecidos no currículo.

Polo tanto, para poder acadar unha avaliación positiva no módulo será preciso a realización e superación de todas as probas escritas obrigatorias, así coma a realización e entrega de todas as actividades e traballos propostos, de acordo cos criterios acordados antes da súa elaboración. Nocaso de suspender algunha das probas valorarase a súa repetición ou a realización de traballos a maiores.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unidade didáctica virá determinada pola ponderación das cualificacións das tarefas, traballos e exames de cada proba.

Para calcular a nota final do modulo, cada unidade didáctica ten un valor diferente:

Proba teórica 80%

TRaballos/exercicios/actividades 20%

NOTA: O alumnado deberá acadar unha nota mínima de 4 puntos tanto nas probas escritas como na práctica proposta para que se consideren compensables. De non ser así deberá recuperar as partes (Unidades Didácticas) non superadas seguindo o que se indica no apartado 6.

NOTA: Se nalgunha das probas escritas, exercicios propostos, prácticas de clase se detectasen plaxios ou actitudes fraudulentas por parte do alumnado, esa proba será valorada con 0 puntos para o alumnado implicado na dita acción, quedando suxeito á asistencia ao proceso de recuperación da proba ou actividade.

NOTA: Non asistir a clase no día previsto para unha proba/exame dará lugar á cualificación de "non presentado". Para a realización da proba noutra data, a ausencia deberá estar debidamente xustificada, quedando a repetición da proba suxeita á decisión do equipo docente ou directivo.

NOTA: Se o módulo foi superado nas súas tres avaliacións, a cualificación da 3ª avaliación coincidirá coa avaliación final ao ter que ser coincidente por normativa de avaliación continua.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Con carácter xeral realizarase unha proba escrita na avaliación xeral de xuño, centrándose nas necesidades formativas detectadas de carácter teórico; ou por medio dunha proba de carácter práctico no caso de que deba recuperar esta parte.

O carácter continuo da avaliación debe permitir, na meirande parte dos casos, a detección precoz dos déficits na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, a identificación dos aspectos do

proceso que provocan estes déficits e a adopción das medidas correctoras oportunas, dentro do posible.

As actividades de recuperación concretaranse para cada alumno ou alumna tomando como referencia os resultados de aprendizaxe, os criterios de avaliación, os obxectivos e os contidos do módulo non adquiridos, terán un carácter global e individualizado.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado, que perdesse o dereito á avaliación continua (10% de inasistencia ao módulo de xeito inxustificable), poderá seguir asistindo ás clases como oínte, pero as tarefas realizadas non serán avaliadas e non participará nos traballos en grupo nin nos exames parciais; soamente será avaliado a través dunha proba final extraordinaria.

Esta proba realizarase no mes de xuño e terá carácter teórico-práctico, contendo todos os contidos pertencentes ao módulo. Para superar dita proba o alumnado deberá acadar os criterios de avaliación mínimos esixidos na programación e obter unha puntuación igual ou superior ao 5 sobre 10. A cualificación será numérica, entre o 0 e o 10, e coincidirá (unha vez realizado o redondeo xa explicitado anteriormente) coa cualificación final do módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación será revisada ao inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso anterior e outras circunstancias. O seguimento da programación realizarase cunha frecuencia aproximadamente mensual, no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións. O seguimento da programación será levado a cabo a través da aplicación existente para o caso. O referido seguimento e revisión constará, de ser o caso, nas correspondentes actas do departamento.

O alumnado afectado por estas modificacións, de levarse a cabo, sería informado adecuadamente, sobre todo no caso de modificacións relativas á avaliación.

Tras cada avaliación parcial extraeranse as estatísticas por parte da xefatura de estudos e éstas serán valoradas e analizadas nos departamentos segundo os resultados obtidos.

Ao final de curso o docente pasaráselle unha enquisa ao alumnado na que este avaliará a práctica docente da profesora e a profesora tabulará as respostas do alumnado para valorar a experiencia.

Así mesmo, elaborará unha autoavaliación sobre o curso escolar e o módulo en cuestión. E, posteriormente, realizará a Memoria final do módulo, na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso. Ademais, realizarase a avaliación final desta programación didáctica, na que se anotarán todas as incidencias acaecidas ao longo do mesmo

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do ciclo formativo, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de

cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou profesora que se encargue da titoría dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñen.

O/a profesor/a tomará nota desa información e ademais recollerá información a partir da observación do alumnado e das actividades e tarefas realizadas nas primeiras semanas do curso.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Realizarase un seguimento individualizado de cada caso, tratando de establecerse as medidas de reforzo máis axeitadas en cada un deles e colaborando estreitamente co resto do equipo educativo e o departamento de orientación nesta tarefa.

O desenvolvemento do traballo na aula dará a oportunidade de artellar mecanismos tendentes a atender ao alumnado en toda a súa diversidade:

-Flexibilizando tempos.

-Propoñendo actividades graduadas.

-Diversificando recursos e agrupamentos

-Diversificando metodoloxías que teñan en conta os distintos ritmos e estratexias de aprendizaxe.

Se se detectan necesidades específicas de apoio educativo importantes contemplarase a adaptación do sistema de avaliación e flexibilización modular coa aprobación previa do equipo educativo e da inspección educativa, de ser o caso.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A Lei Orgánica 2/2006 de Educación incorpora as competencias básicas ao currículo, como un dos seus elementos máis salientables e unha forma de achegar o sistema educativo ás esixencias internacionais.

A educación en valores está implícita no currículo do ciclo formativo, xa que está orientado á formación de profesionais competentes no ámbito socioeducativo. En xeral, neste e noutros módulos trabállanse valores relacionados coa empatía, habilidades sociais, habilidades de comunicación, actitude empática, capacidade de colaboración, cooperación e traballo en equipo, solidariedade, valores democráticos, tolerancia, respecto aos demais, igualdade, inclusión, coidado e respecto do medio ambiente,...

No módulo de O xogo infantil e a súa metodoloxía, ademais de figurar de xeito transversal no currículo, aparecen de xeito específico en moitas das UD deste módulo, polo que se incorporarán á dinámica cotiá das clases aspectos relacionados coa igualdade de oportunidades en xeral e coa igualdade entre mulleres e homes en particular, co coidado do medioambiente e co desenvolvemento de competencias clave relacionadas coas tecnoloxías da información e a comunicación, o traballo en equipo, a competencia de aprender a aprender e a competencia social e cidadá, ademais de favorecer a integración de alumnado con diversidade funcional, a través de actividades interactivas e colaborativas, non so transmisivas, e fomentar o respecto mutuo, a igualdade de trato e a liberdade de pensamentos e a competencia de aprender a aprender e a competencia social e cidadá.

A educación en valores revélase fundamental na sociedade actual, mais no ciclo formativo que nos ocupa, e se cabe, aínda é máis importante dado que estamos a formar en infantil a futuros cidadáns.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares a realizar serán as que determine por unha banda o Departamento de Servizos Socioculturais e á Comunidade, e, por outra, a profesora do módulo en colaboración co profesorado do ciclo restante (incluído o profesorado doutros departamentos).

Planificaranse, de ser posible, principalmente ao longo da 1ª avaliación e levaranse a cabo ao longo de todo o curso. Cabe salientarse a dificultade que poderase atopar para facer ditas actividades debido á actual situación sanitaria, podendo quedar mermado o número de actividades a realizar neste curso escolar.

Ao longo do curso promoveranse, na medida do posible, diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha axeitada consecución dos resultados de aprendizaxe, previsto no currículo na seguinte liña de actuación:

- Saídas ou visitas de carácter pedagóxico: museos, centros infantís, ludotecas, escolas infantís, puntos de atención á infancia, recursos comunitarios (bibliotecas, locais sociais, etc...), entidades con e sen ánimo de lucro relacionadas cos contidos do módulo.
- Charlas de profesionais do ámbito invitados á aula ou centro educativo.
- Obradoiros didácticos organizados por profesionais especializados.
- Visita a tendas especializadas de xoguetes.
- Saídas a patios, parques e xardíns infantís.
- Calquera outra considerada de interese formativo para o alumnado.